




XEO-RUTA DAS PRAIAS NEGRAS


Unha camiñada polos cantís da Capelada desde Teixidelo ao mar

Adela Leiro, Mon Daporta
xuño 2017




Distancia: 5 km (en parte circular)

Dificultade: alta




Unha impresionante baixada, e non menos espectacular subida, polos cantís da Capelada desde Teixidelo á súa praia. Un roteiro de múltiple interese natural (xeográfico, paisaxístico, xeolóxico e biolóxico). Un camiño no que a medida que vai mudando o punto de vista medra o tamaño dos cantís e os seus detalles, medra o tamaño das cousas que imos vendo e a distancia que queda para chegar abaixo, pero acompañados pola guía de xeo-rutas polo concello de Cedeira faise máis levadeiro porque imos descubrindo e recoñecendo os elementos que están sinalados nela ao tempo que gozamos das numerosas especies vexetais que se asentan no sustrato creado pola alteración das particulares rochas da zona. Chama a atención a masa de abeleiras que obrigadas polo vento non medran en altura pero realizan con éxito o seu ciclo biolóxico (tiñan un grande número de froitos en desenvolvemento) e cubren unha moi ampla superficie na pendente; e numerosas plantas herbáceas e arbustivas que na época apropiada adornan coas súas flores as beiras do camiño (caraveis, centáureas, gramíneas diversas,...) entre as que hai exemplares pouco comúns ou de distribución reducida como o *Rumex scutatus* subsp *gallaecica*, *Sagina merinoi*, ou o fento *Adiantum capillus-veneris* medrando á sombra dun pequeno noiro de terra á beira dun regatiño.



Praias de Teixidelo e Punta do Cadro



Vista das Puntas Tarroiba e Balteira desde o camiño



Praias de Areas Negras de Teixidelo

E dunhas noutras a distancia, que non é moita (uns 5 km ida e volta), medra no tempo ata que, por fin, chegamos ao mar. Un mar que batendo incansable, modela e esmigalla as pedras ata convertelas en area. Da forza e da constancia do seu traballo dan boa mostra os ferros retorcidos, restos dun barco naufragado no lugar, que atoparemos camiñando, xa polas pedras traballadas pola auga, cara á praia punto final do traxecto. Seguindo o itinerario da xeo-ruta, despois de atravesar a praia dobramos a punta que hai no seu remate e comezamos a subida. Convén tomalo con calma. Ou tentamos seguir o carreiro case inexistente ou aproveitamos algúns pequenos tramos trazados polo gando e en zig-zag imos gañando altura para acadar a pequena chaira que se atopa a uns cen metros por enriba do nivel do mar que subindo semellan moitos máis, a nós amenizounos o traxecto atoparnos coa sorpresa de vernos rodeados de lirios dunha especie que só se atopa nos montes máis altos do país pero que tamén aparece na Capelada. Unha vez na chaira atrávesase ao longo e séguese de fronte para facer unha baixada e coller o carreiro que nos leva ao camiño da ida, a partir deste punto só queda subir e seguir a gozar da paisaxe, dos elementos que a compoñen e os detalles que a adornan, ata volver ao punto de inicio. Ao baixar e ao subir atoparemos unas cancelas que, como é habitual e norma, temos que abrir e volver a pechar. Para poder facer o percorrido pola praia temos que escoller o día e a hora porque hai que ter en conta a marea.



Cabana empregada para unha explotación mineira



Rochas que amosan actividade glaciar



Restos dun naufraxio



Vista dos illotes Gabeiras desde O Furado

Os cantís da Capelada destacan pola súa altura e beleza e, ademais, son un Punto Xeolóxico de Interese Internacional polas rochas que os conforman e por seren un dos puntos da fractura que deu lugar á separación dos continentes.

Segundo o xeólogo Juan R. Vidal Romaní, asomados na vixía Herbeira hai uns 200.000 anos veríamos como se alonxaban as costas de América.






Granulitas



Lirios de montaña
(*Iris latifolia*)




Fervenza de Teixidelo Cadoiro de Calabanda

O rego que recolle as augas do chan de Teixidelo ten un curso curto, a penas 2 km, e de forte desnivel. Nos últimos 400 m de percorrido ten 200 m de caída polo cantil, que rematan nun salto duns 50 m de altura, antes de finalizar o seu traxecto nos coios da praia, entre os que se perde a meirande parte do ano debido ao seu pouco caudal; pero en época de choivas abundantes xunta auga suficiente para facer da fervenza un lugar merecente dunha visita.

Podemos visitala nunha ruta específica ou como complemento da ruta anterior, facendo un pequeno desvío.



No cantil de Teixidelo pódese ver as pegadas dun antigo glaciar: rochas de morenas, sedimentos e esbaramentos do terreo.



Vista da fervenza en tempos de pouca auga

